


<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	AMES
<b>Edificio</b>	Ermida da Mercé de Lapidó
<b>Dirección</b>	Lugar da Barreira, s/n. 15220
<b>s</b>	42.859044 -8.631966
	
<b>Descrición</b>	<p>Capela de planta cuadrada, feita de mampostería , revocada con cemento e Pintada de branco. Na fachada ten unha porta con marco adintelado e un pequeno nicho que aloxa á imaxe da Virxe da Mercé, e por enriba unha pequena ventá redonda. Remate en espadana con ocos para as campás, e acabado en cruz de forxa. Situada nunha ladeira acusada do monte cercano e con un gran carballo a carón do seu adro, e un cruceiro no camiño de entrada, forma un recuncho ben conservado a beira do camiño da aldea. Segundo nos informa a páxina de patrimonio do concello:</p> <p>“unha inscrición, situada no exterior do propio edificio, esta capela construíuse a mediados do século XVIII. En 1786 Cornelio García, labrador veciño de Lapidó, solicita a bendición da capela e a autorización para celebrar culto. Non obstante, e dado que a imaxe da Virxe co neno que preside a fachada parece antiga e ten un aire medieval, a devoción podería ser ben anterior. Con toda probabilidade sufriu arranxos importantes con posterioridade. A construción é sinxela, composta por unha soa nave de planta rectangular. O campanario pertence a unha época máis tardía. No interior conserva a austeridade, sen outro ornamento que un retablo de estilo neogótico na capela maior”.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Protección</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao (Campás e reloxos monumentais de Galicia, FACEBOOK)

**Data**

02-01-2023

**Campás actuais**

<b>Localización</b>	<b>Campá</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Ano de fundición</b>	<b>Diámetro (en cm)</b>	<b>Peso</b>
Espadana	<a href="#"><u>Menor.</u></a>	<a href="#"><u>JERÓNIMO, SERAFIM DA SILVA</u></a>	1990	50	72
Espadana	<a href="#"><u>Maior.</u></a>	<a href="#"><u>JERÓNIMO, SERAFIM DA SILVA</u></a>	1990	60	125

Información completa: [Ermida da Mercé de Lapido - AMES \(GALICIA\)](#)